

Funcionalidades da App MOBEM



Accede á túa tenda de aplicacións e descarga de xeito gratuito a app **MOBEM**.



Unha vez instalada insíre os teus datos de usuario e contrasinal.

Se non tes ou esqueches o teu contrasinal, podes xerar un ou resetealo empregando o enderezo electrónico asociado á túa demanda de emprego.

As principais funcionalidades da app **MOBEM** son as seguintes:

- **Renovación** da demanda de emprego.
- **Descarga do** documento de renovación de demanda (**DARDE**).
- **Consulta de eventos e da axenda** (pódense ver as datas de renovación da demanda, citas de orientación laboral, etc.)
- **Solicitud de cita** na túa oficina de emprego.






PANTALLA XERAL


Na pantalla **xeral** verás os teus **datos persoais** e a **data** sinalada para a renovación da túa demanda de emprego. Na data prevista para a renovación, o botón de **Renovación de demanda** porase de cor **verde** e, premendo nel, poderás renovar.

Podes descargar o documento de renovación da demanda premendo en **Descargar DARDE**

PANTALLA EVENTOS

Na pantalla de **eventos** verás **avisos** e **citas** vinculados coa túa demanda de emprego. Indícanche as ofertas para as que, nese momento, estás seleccionado/a como persoa candidata, así como as citas que tes programadas en orientación laboral, en selección para cursos de formación ou para a renovación da túa demanda de emprego.





PANTALLA A MIÑA OFICINA

Nesta pantalla atoparás o botón de **Cita Previa**, que é un enlace directo para pedir cita na túa oficina de emprego. Debes completar os campos solicitados pantalla tras pantalla:



Selecciona o trámite.



Escolle unha data dispoñible.



Selecciona unha hora dispoñible.



Revisa e completa os datos requiridos. Le e acepta as condicións de protección de datos persoais e introduce o código de seguridade.